

Primeiras consideracións sobre a autoría*

Miguel Prado

Un chiste con 100 anos

«É un espectáculo que, desde hai un século, non deixa de ser cómico: a parálise crónica daqueles que pretenden 'superar a separación entre a arte e a vida', daqueles que nun mesmo xesto establecen a separación e pretenden abolila.»

(Chamamento)

A descomposición das estéticas de resistencia comeza co principio da supervivencia da obra, da súa conservación mais alá da morte, da súa perpetuación como mercadoría. Onde comeza e onde remata a obra? Quen crea estes límites?

* Grazas a Mattin, Loty negarti, Howard Slater e Patricia Pin

Algúns dos chalados vendo como a súa vida foi transferida ao teatro das mercadoría, abandónanse á arte. Rubricar a súa merda para vendela ao mellor ofertante é a súa única esperanza, a de vérense a eles mesmos, ao seu suxeito-mercadoría participar da representación.

Atopan emprego no *branding* da convulsión e na estetización da biopolítica. Non liberan espazos nin situacións: acomódanas para o comercio.

O soberano neste tecido de explotación é o autor.

Autor non é quen conduce as súas intensidades, non é o redactor, nin o que fai música, nin o que comete un crime; é o suxeito que amorna o seu discurso ata volvelo compatíbel co imperio. O autor como suxeito concibido polas estruturas do capital, o individuo como anes-tésico do discurso.

O dedo acusador

A función de autor ten un carácter policial e regulador. Delimita, vincula e exclúe. Censura outorgando e privando de: unidade estilística e estética, fiabilidade, coherencia e autenticidade aos obxectos de experimentación, todo ao antollo do espectáculo.

Determina, encerra e articula a multiplicidade discursiva. Impide unha libre composición, interpretación, manipulación...

O autor é un principio económico, garante o cálculo mercantil do discurso e do seu produtor. Xera infinitos movementos de capital a través dos seus mecanismos reputacionais.

Toda significación insurrecta está baixo o xugo do policía-autor.

O pseudónimo non é máis que outro intento por permanecer escravo da reputación, continúa enfermo á procura de signos de pertenza, mais pola súa vez soña coas virtudes do xogo identitario.

A reificación xurdida namais de soportar o anonimato en calidade de enigma funda unha nova técnica produtiva. As posíbeis actividades experimentais ao redor disto son armas para a conservación das condicións de illamento do home e facilitan a circulación e funcionamento de novas mercadorías e novos xuízos de reputación.

Non libera identidades, bótaas ao xogo do mercado.

No imperio do simulacro de nada serve asumir o devir «Anónimo» ou devir «Autor»

Subvertamos estas nocións, ser desterrados da identidade para devir en comunidade.

Folga á reputación

Canto máis son *recoñecida*, máis se atopan os meus xestos trabados, *interiormente* trabados. Velaquí estou capturada pola malla ultraxustada do novo poder. Nas redes impalpábeis da nova policía: A POLICÍA IMPERIAL DAS CALIDADES.

(TIQQUN, *Como facer?*)

A reputación é a licenza para operar. É a información xunta e procesada sobre a experiencia de terceiros do comportamento dunha entidade. Predí o comportamento sobre a base de accións e características pasadas, outorga autoridade, regula a sociedade e sométea ao seu poder. Calcula o rendemento do suxeito e sométeo de forma

continua a un proceso de carácter relixioso, onde o autor non actúa en (ou á procura de) liberdade, senón que vive e crea cinguido a unha lei karmática de retribución, causa e efecto.

Como conxugar a ansia pola insurrección coa frustración pola construción dunha carreira, dun currículo?

Un albanel profesional, un sindicalista profesional, un músico profesional... Salvagardan a comodidade que lles outorga a súa posición no sistema, pero á vez agardan derrocar o imperio.

Estetas da resistencia na procura de «un bo posto...», «a distinción na miña comunidade», «un traballo para o día de mañá...», profesan a vehemencia da rabia como constitución do espectáculo.

Na loita contra os modos de representación hase declarar a folga á reputación.

Hanse boicotear os dispositivos que a fundamentan. Destruíla baseándose nunha execución superflua das licenzas que outorga, perverter os seus valores, levar a cabo un uso estratéxico-teórico da contradición.

Borrar as pisadas que se deixan atrás mediante o rigor da desobediencia, que o Capital non teña nada que recuperar.

Ata que punto queremos ter repercusión, a que custo desexamos o debate?

Capital-Autor: Recuperación e estetización da resistencia

O autor, o pseudónimo ou as accións anónimas son unha das ferramentas mais útiles do sistema para a recuperación de discursos de ruptura. Integralos no mercado ao servizo do Capital.

Cal é o valor de Renato Curcio?, é un valor á baixa con respecto a Andreas Baader?

O sistema económico non esta suxeito a ningún tipo de ética, a violencia, a pesar do seu carácter destrutor, é introducida na estética.

A alienación autoinducida dos estetas da política propágase como un virus, a sobrecousificación da resistencia é a mercadoría coa que comerciamos a diario, a que forxa todas as carreiras artísticas dos que establecen a separación e pretenden abolida.

A recuperación máis brutal perpetrada polo Capital ao redor das vangardas políticas do século XX foi a da Internacional Situacionista.

Non se reduce unicamente á incorporación dos diagnósticos da I.S. ao campo da publicidade ou da mercadotecnia. Esta recuperación maniféstase na súa vertente máis artificiosa nos círculos artísticos, onde dispositivos de xeolocalización son vendidos como Deriva. Mapas sonoros creados como branco de financiamento goberamental preséntanse como estudos psicoxeográficos, o simulacro do simulacro controlado polas institucións artísticas e políticas proclámase como construción de situacións.

A teoría revolucionaria é catapultada ao comercio do lecer, do tempo libre, do goce estético para o intelectual.

É preciso observar que o valor vinculado ao autor non só circula anexo ao nome propio ou á aura do suxeito produtor, senón que se mostra tamén arredor do anonimato ou doutras formas de identidade e de praxe. A estetización da violencia xorde da capitalización das experiencias, da súa cousificación e da súa transformación en mercadorías.

Poucos dos individuos que desexan experimentar a violencia transforman a súa vida na busca desta realización, senón que agardan a que o mercado lles proporcione unha alternativa, unha pantomima.

(...) Recentemente, varias persoas foron detidas en Francia polo simple feito de teren un exemplar deste libro na súa casa (...)

(Nota de prensa na contraportada da edición española d'*A insurrección que vén*)

A insurrección que vén foi publicada en 2007 por un colectivo anónimo baixo o pseudónimo de Comité Invisíbel. En novembro de 2008 diversos individuos foron arrestados en Tarnac (unha vila no centro de Francia) por unha suposta sabotaxe das liñas do TGV. A un dos detidos, Julien Coupat, a policía francesa atribúelle o ensaio. Antes de que se destapase o caso *Tarnac*, vendéranse oito mil exemplares do libro. No momento da liberación de Julien Coupat o 28 de maio de 2009, o número de exemplares vendidos xa era de corenta mil.

O espectáculo ten unha enorme fascinación polo enigma: polo segredo. Cando se elabora unha práctica desde o anonimato cómpre ter en conta que o imperio ten unha rede de explotación comercial do enigma.

En xullo de 2009, con motivo da edición en inglés d'*A insurrección que vén*, Glenn Beck (presentador de Fox News) dirixiuse aos seus tres millóns de espectadores e proclamou: «(...)Hai unha cousa que estamos pasando por alto. A extrema esquerda está realizando un chamamento á violencia (...). É unha chamada á revolución violenta. Un grupo anónimo desde Francia, desde todos os lugares, chamado o Comité Invisíbel, eles queren destruír o capitalismo e o modo de vida occidental (...)».

Ese mesmo mes, a edición inglesa do libro en Amazon alcanzou brevemente o número un en vendas.

É curioso observar como o que por un lado publicita o discurso revolucionario, polo outro engraxa a flutuación de capitais, introduceo nos aparellos de control da forza produtiva, renovando a representación teatral da esquerda, confeccionando o seu decorado. Algo que era unha potencia abstracta, convértese nun obxecto de interese para o capital, busca controlala e reproducila.

O rumor como estado virtuoso do anonimato

Como conservar a abstracción destas potencias? A intanxibilidade destas forzas? Como evitar a «personificación do anonimato»?

Un dos problemas do anonimato xorde do feito de esconder unha serie de individualismos que logo xorden irremediabelmente. As condicións materiais producíronnos como suxeitos, ¿como poder discutir este conflito en comunidade sen que xurda unha dominación por parte dunha identidade ou teoría que sobresaia e alcance unha posición social máis privilexiada?

O conflito á hora de desartellar o autor xorde cando o discurso se mantén estático, cando o vínculo de identidade que se xera co produtor autoreclama o seu dereito á reivindicación da integridade dos seus fundamentos, a súa pureza, dar por sentado as súas proposicións, o narcisismo que irrompe en calquera comunidade (anónima, pseudónima...) e que xera unha personificación que permite a súa recuperación por parte do imperio.

Hai que lograr o rumor como estado virtuoso do anonimato, desde a subxectividade radical, manter en continuo movemento a crítica, a

teoría. Disolver con este movemento as condicións materiais existentes que consolidan a figura do autor.

O particular gástase na loita
(Hegel)

Os discursos han de humillar ao autor: orientalo á súa disolución, e a execución práctica do discurso rematará co seu consumo, reducíndoo a un eco, a un murmurio contaxioso que permanece no gran xogo da transición permanente.

As teorías non están feitas máis ca para morrer na guerra do tempo: son unidades máis ou menos fortes que hai que empregar no combate no momento xusto, e sexan cales foren os seus méritos ou as súas insuficiencias, con certeza non se poden empregar máis ca aquelas que están aí ao seu debido tempo.

(Guy Debord, *In girum imus nocte et consumimur igni*)